

Morán, arroupada por Santín e Lara Méndez, presenta unha candidatura renovada nun 60% e destinada “a acabar cunha etapa que xa dura 24 anos e que xa é hora de que chegue ao seu fin”

O secretario Provincial, coincidindo coa alcaldable, subliñou que “cremos que outra forma de gobernar é posible, priorizando a transparencia e a participación cidadá e onde o importante son os veciños e non os intereses persoais”, porque, sinalou, “os socialistas, onde gobernamos, demostramos que, en épocas de crise, é posible reducir a débeda, controlar as contas e aumentar os servizos públicos”

Dado que os ingresos reais por cada exercicio superan os 2 millóns; os de persoal os 800.000 e as cotas de devolución dos créditos son de 350 a 400.000 euros, Morán comprométese a adoptar as medidas posibles para conseguir unha mellor racionalización no axuste do gasto

Lara Méndez, gabou “o gran traballo e a dedicación” que a candidata desenvolveu nos últimos anos para mellorar a calidade de vida e os servizos dos veciños de Cospeito e tamén para “velar polo cumprimento da legalidade neste concello”

Como principais eixos de actuación do que vai ser o seu programa de goberno, Morán destaca a creación dun viveiro de empresas, o remate do PXOM, o aumento da transparencia na xestión municipal e a mellora dos servizos públicos

COSPEITO, 3 DE MAIO DE 2015.- O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín-, e a vicepresidenta segunda da Deputación –Lara Méndez-, arrouparon este domingo a Rosa Morán na presentación da candidatura coa que a socialista concorre ás eleccións de maio e coa que pretende “acabar cunha maneira de gobernar constante, baseada na desidia e no esgotamento”; unha etapa, dixo, “que xa dura vintecatros anos e que xa é hora de que chegue ao seu fin”.

González Santín, coincidindo coa alcaldable, subliñou que “cremos que outra forma de gobernar é posible, priorizando a transparencia e a participación cidadá e onde o importante son os veciños e non os intereses persoais”, porque, sinalou, “os socialistas, onde gobernamos, demostramos que, en épocas de crise, é posible reducir a débeda, controlar as contas e aumentar os servizos públicos”.

E é que, segundo indicou a candidata, os ingresos reais por cada exercicio neste municipio superan os 2 millóns de euros; os de persoal os 800.000 e as cotas de devolución dos créditos son de 350 a 400.000 euros. Fronte isto, sinalou, “nós adoptaremos as medidas posibles de axuste de gasto, e faremolo grazas a esta candidatura, que está formada por persoas que teñen demostrado sobradamente o seu interese polo ben común, por cada unha das parroquias as que representan e facendo da honestidade o seu sinal de identidade”.

“Moitos de nós temos unha longa dedicación durante anos, cun coñecemento e experiencia do que é traballar nun concello. Aínda que non sabemos con exactitude a débeda do concello, si sabemos que se achega ou supera os tres millóns de euros, e por iso temos como obxectivo revertir a situación, tomando a iniciativa e traballando para que a situación cambie”, explicou a candidata deste municipio de Terra Chá.

Neste senso, Santín matizou que “chegou a hora de que teña lugar un cambio, un cambio de persoa, pero tamén cambio de formas e actitudes, onde o concello deixe de ser a casa particular, onde uns cantos sexan privilexiados e pase a ser a casa de todos os veciños e veciñas con igualdade de oportunidades e trato”.

“Desidia da dereita”

Pola súa banda, a vicepresidenta segunda da Deputación, Lara Méndez, gabou “o gran traballo e a dedicación” que a candidata desenvolveu nos últimos anos para mellorar a calidade de vida e os servizos dos veciños de Cospeito e tamén para “velar polo cumprimento da legalidade neste Concello”, unha “boa proba” de que os socialistas “cremos que hai outra forma de gobernar e sabemos como facelo, máis alá do inmovilismo e a desidia da dereita, que só pensa en como amarrarse á poltrona”.

Méndez puxo a Deputación de exemplo de “como os socialistas gobernamos as institucións públicas. Ofrecemos solucións aos problemas dos veciños, o paro, o despoboamento, os servizos sociais... e facémolo levando ben as contas públicas. Este ano acadamos a débeda cero, manténdonos ao mesmo tempo como a Deputación galega que, con moita diferenza, máis inviste por habitante”.

Emprego, transparencia e servizos públicos

Durante a súa intervención, a alcaldable expuxo os principais eixos de actuación do que vai ser o seu programa de goberno se acada a confianza dos cidadáns o vindeiro 24 de maio. A este respecto indicou que axilizará e rematará a elaboración do PXOM, sen esquecer a oportuna reserva de solo industrial e informar aos veciños das zonas de protección medioambiental.

Asemade, en materia de emprego, impulsará políticas transparentes, que inclúan a aprobación anual da oportuna oferta pública municipal (lista de contratación), aberta e garantindo a igualdade de oportunidades. Dentro deste apartado, apostará pola creación dun viveiro de empresas; porque os obradoiros de emprego estean adaptados ás demandas do mercado actual, é dicir, ao sector agrogandeiro, á dependencia e á axuda a domicilio; e pola posta en marcha dun rexistro de profesionais; “ferramenta útil para a interconexión coa demanda empresarial, incluíndo nel os mozos e as mozas que rematen as súa etapa formativa e busquen traballo”, adiantou Morán.

Noutra orde de compromisos, inclúe a elaboración dun plan estratéxico do concello, ademais das medidas oportunas para lograr un concello transparente. “Crearemos o portal municipal da transparencia, no que se publicarán os soldos, gastos de representación, acordos das Xuntas de Goberno e dos Plenos, convenios, etc; os procesos de contratación serán abertos; crearse a oficina municipal do voluntariado; porase fin á figura do pedáneo como instrumento de designación da alcaldía, de xeito que pasará a ser elixido de forma democrática; ningunha axuda ou subvención será rexeitada por proceder de institucións gobernadas por distinta cor política; modificarse a ordenanza que supón o pago de taxas pola utilización de dependencias municipais aos veciños e asociacións do concellos, aplicarase o procedemento de concorrencia competitiva na concesións das subvencións e o pagamento das facturas nun tempo razoable, e que non prexudique a viabilidade das empresas”, explicou.

En obras e investimentos, os socialistas mellorarán o abastecemento en parroquias que aínda carecen de subministro de auga, así como a rede de pistas municipais e a recollida selectiva de residuos, ademais de dar “unha absoluta prioridade aos servizos públicos básicos”.

Candidatura ao completo

Rosa Morán lidera así, unha candidatura que combina experiencia cunha renovación nos principais postos de saída, pois nos once primeiros integrantes, renova sete; o que supón un cambio que supera o 60%. Concretamente, os números dous, tres, catro, cinco, seis, oito e nove son novas incorporacións. A lista completa é a seguinte:

- 1.- María Rosa Morán Luaces
- 2.- Ramón Nodar González



NOTA DE PRENSA

- 3.- María Carmen Nodar Domínguez
- 4.- Gonzalo Rodríguez Ferreiro
- 5.- Antonio Rábade Castiñeira
- 6.- María José González Castro
- 7.- José Manuel Gómez Verdes
- 8.- Berta Pena Rego
- 9.- María Milagros Andión Rfo
- 10.- Aníbal José Rodríguez Folgueira
11. Pastor Fuenteseca Díaz

Suplentes:

- 1.- José Rodríguez Blanco
- 2.- Rocío Pérez Pardiño
- 3.- José Antonio Pérez Verdes

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovincialdelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo